

# Cuestión de principios

Ano 1950. Encontrémonos en Rivas Pequenas, pequena localidade rural do sur de Lugo e pertencente ao concello de Bóveda.

Habería sobre uns cen habitantes, e só tres ou catro casas (un pouco máis luxosas) tiñan televisión, polo que moitas veces os veciños reuníanse para poder enterarse de que pasaba co golpe de estado do xeneral Franco. A cuestión é que a xente que viña de Monforte, moitas veces traía as súas posesións para escondelas tanto dos franquistas, da garda civil ou mesmo dalgún cacique.

A miña familia e mais eu viviamos nunha casa que herdamos do meu bisavó casado cunha inmigrante cubana. A casa era ampla, tiña cinco cuartos (dos cales só se usaban tres), tiña dous baños, un comedor, a cociña, e despois tiña un patio con dúas cortes e un cortillo algo máis pequeno. Unha corte era para as vacas, outra para criar tres marráns para a matanza e no outro cortillo máis pequeno tiñamos galiñas e coellos.

Eu ía á escola de Rivas, o que agora é un edificio no cal celebramos a festa 8 de setembro e algunha que outra comida de veciños (quedamos uns trinta agora mesmo). Ía á escola polas mañás e polas tardes moitas veces ía á sega co meu pai ou a axudar a recoller patacas, millo ou o que fora á casa do Xeneral. Traballaba por catro duros á hora, algo menos có meu pai que cobraba oito. Á noite ía polas vacas ao campo e moitas veces tocábame muxilas a min.

En 1952 un cacique lugués empezou –para facerse máis “poderoso e conseguir máis beneficios” a dicirle á garda civil quen tiña libros en toda a comarca da Terra Chá. Á garda civil daquela non lle importaba que libros tiñas, pero non vaia ser o demo que tiveras libros con algunha mínima idea liberal ou simplemente algún libro de cultura (o saber ía en contra da ditadura). Así que empezaron casa por casa tanto en Monforte, coma en Bóveda, Sarria... a queimar as bibliotecas persoais de cada persoa, tanto foran ricos coma pobres. E aquí comeza a historia.

Unha mañá de verán chegou o señor Cerviño (persoa importante en Bóveda) cun carro de vacas e con grandes montóns de palla. Achegouse á miña casa, xusto cando eu saía coas vacas. Eu non o coñecía, algunhas veces o meu pai tiñan falado del, do seu poder, pero nunca o vira en persoa, aínda que si nunha foto de caza co meu pai, daquela recoñecino axiña.

Chamoume.

-Mira, meniño, e poderías decirme onde queda a casa do Cuturro?

-Señor, é esta a casa do Cuturro.

-Logo ti debes ser o Manoliño. Anda teu pai por aquí?

-Sí señor, agora o chamo.

Cando chamei ao meu pai e o viu, mandouno pasar co carro. Alegrouse moito, pero non sei por que pareceume nervioso.

Por iso deume por sacar rápido as vacas e volver rápido para uliscar que pasaba alí. Cando volvíñ á casa, díxenlle á miña nai (que estaba preparando caldo de repolo para a cea) que ía facer un traballo que me mandara facer o profesor na escola. Cando cheguei ao meu cuarto, subín á cama e movín no teito un par de táboas de madeira, unha pequena trapela que tiña a segunda planta da casa.

Saltei e oín golpes, parecía coma se estivesen picando algo. Viña do cuarto máis grande que non se usaba, o que estaba máis preto do cuarto da miña irmá. Púxenme encima dos golpes e peguei a orella ao chan para oír mellor. Era o señor Cerviño co meu pai. Entre dúas táboas puíden velos picando unha parede de pedra e como detrás da parede aparecía un andel enorme cunha morea de libros. O señor Cerviño dicíalle ao meu pai que a xente de Lugo estaba asustada e quería mandar para aquí as súas bibliotecas para non perderen todos os libros, pero que non todos podían porque non tiñan cartos para pagar. O señor Cerviño dixo que volvería dos días despois cun cargamento de máis libros dun ricachón de Monforte, e que ademais ía pagar ben. Agora entendíao todo: a xente traía a Rivas as súas bibliotecas para escondelas nas casas grandes da aldea e así evitar que a garda civil queimara todo. Pero si había unha cousa que eu entendera. Meu pai, galego de toda a vida, de familia galega, que falaba galego, e que sempre esbardallaba moito e mal de Franco, estaba agora mesmo cobrando para gardar uns libros que proporcionaran cultura e sabedoría á xente. Libros que a mala xente estaba destruindo, e meu pai aproveitándose diso?

Non dei durmido esa noite. Ao día seguinte pola noitiña, cando fun polas vacas co meu pai, díxenlle que o sabía todo, que sabía o dos libros e que picaba as paredes para gardalos. Díxome que non llo podía dicir a ninguén, que podían pasar cousas moi malas para toda a familia se alguén chegaba a enteirarse. Estivemos discutindo moito sobre o de cobrarlle ou non á xente, díxenlle que me parecía unha aberración que cobrara por salvar a cultura, díxome que había que aproveitarse un pouco tamén. Ao final conseguín que entrara en razón e deixara de cobrar á xente. Ademais, prometílle axudalo picando con el as paredes e logo volvendo a reconstruílas.

Agora en Rivas Pequenas recordan ao meu pai como unha persoa honesta e, sobre todo, coma un heroe para toda a provincia de Lugo, xa que salvou máis de mil libros poñéndose en perigo.

**Pablo Vila Díaz**